



MANUEL MOLDES



Vieiros na memoria



Casa Galega da Cultura

Do 11 de marzo ao 24 de abril de 2022



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

Vieiros.

O trazado dun

pulso inquieto

«Manuel Moldes. Vieiros na memoria» é unha mostra que ten a súa orixe na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, realizada con motivo do cambio de nome da súa sala expositiva, antiga Sala X, a sala universitaria Profesor Manuel Moldes. A exposición sopórtase en dúas cuestións principais. Por unha banda, revélase o interese de Manuel Moldes polo debuxo, polo grafismo, non só como disciplina autónoma, senón tamén aplicado á pintura. Percíbese nos seus procesos, sempre pendentes dun lapis, dun boli ou dun papel desde o que dotar de vida as ideas, en todos os bosqueños que acompañan os seus lenzos máis icónicos e, desde logo, no traballo que durante anos desempeñou como profesor de debuxo na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Esta base sostén a deriva cara á segunda cuestión: o xesto primixenio que ten na liña e nas súas contorsións o xerme da súa práctica e que en «Vieiros na memoria» se pon de relevo a través dunha selección de obras vinculadas desde a maraña e o impetuoso.

Coma un rumor de trazos que flúen, se atopan e se bifurcan, asomámonos á serie Vieiros, que Manuel Moldes desenvolveu na súa maior parte entre finais dos anos noventa e principios da década de 2000, coincidindo cos seus primeiros anos de docencia na facultade. Conviven aquí imaxes ao óleo sobre lenzo e cartolina con obras en papel milimetrado e debuxos realizados sobre follas de caderno, que abrazan

un diálogo dificilmente quebrantable que reivindica a expresión artística máis aló do soporte e do seu formato. Mesmo nestas pezas, expeditas no campo da abstracción, se enmarca a incógnita do mundo e os seus sucesos que tanto perseguiu o artista. Dalgunha maneira, os Vieiros miran a natureza e os seus fenómenos para dotalos dunha nova identidade despregada case de forma intuitiva entre a percepción e a imaxinación. De espírito labiríntico e tendencia incontida, hai unha materialidade dinámica en cada composición, trazos algunhas veces diluídos e outras marcados con decisión que estimulan certo estremecemento. Ademais desta serie, engadíronse ao percorrido tres debuxos realizados en 1977, ata agora inéditos, coa intención non tanto de trazar un paralelismo, senón de confirmar esa conexión continua entre a novidade e a revisión: ese afán investigador no que sempre batallaron os proxectos de Moldes coma se se tratase dun eterno retorno.

Atento á intención de confundir a mirada para esixir unha percepción profunda, os motivos agrúpanse e dilátanse na obra de Moldes desde a suspicacia de quen sempre defendeu o feito artístico como vehículo de comunicación. No seu universo visual, coma nestes vieiros, atópase a xénese dun mundo expresado en clave plástica, onde as súas abarrotadas formas indican camiños interpersoais, pregos repletos de poesía e escarvados desde o interior da creación.

Sara Donoso

